

## *Primeiro premio de poesía*

Alto, moi alto, tocando o ceo

Alto voan as gaivotas,  
 moi alto, por riba del,  
 procura cobillo o instinto,  
 mostra a túa voz o Nordés  
 escuras nubes ameazan con chuvia,  
 e xa se oen os primeiros tronos.

Do seu letargo o mar esperta,  
 castigando á terra que ousa detelo,  
 vento que azouta ondas,  
 ondas que rabiosas golpean.  
 E comeza a gran batalla,  
 a gran batalla dos tempos.

De especial cor o ambiente tinguido,  
 palpable case a humidade,  
 lóstregos que firen ó ceo que sangra  
 pedras;  
 a melodía é completa,  
 un xogo de luces e sons impoñente.  
 A beleza dura instantes,  
 ou anos ó borde do precipicio.

... Dende alá arriba, no cume da  
 Capelada,  
 tal forza percíbese coma un cúmulo de  
 Harmonía estremecedora  
 e dan ganas de deixarse caer,  
 de voar coma paxaro,  
 e formar parte de tanta inmensidade ...

Alto voan as gaivotas,  
 moi alto, por riba del,  
 pois é hora de recoller,  
 e xa comeza a xirar un muíño despistado.

Raios que se esvaecen,  
deixando paso ás cores,  
que surcan o ceo en forma de arcos.  
Unha barquiña que quería afundir tempo  
hai,  
agora abanea a modiño;  
e a modo, o sol ábrese camiño por entre  
as nubes,  
e un halo de luz branca recorda o día da  
Sagrada Promesa.

As penas choran auga salgada,  
e a paz vístese raíña de novo.  
Dende alá arriba óese o murmurio da  
escuma,  
e dan ganas de deixarse caer,  
de refluxir e ser arrastrado por semellante  
beleza;

O impulso dá paso á nada,  
namentres un espello de auga,  
aproximándose,  
reflicte unha expresión satisfactoria,  
que perdura un tempo e se desvanece,  
co baile das flácidas carnes ó son das  
ondas.

Brillos mortais de sangue no mar,  
poñen punto final a unha vida,  
que pasou perante si mesma hai uns  
instantes.

O “Nordés” dille adeus co sorriso nos  
beizos.

¡ Maldito traidor asasino !

Israel Iglesias Pena

1<sup>a</sup> B.A.C.H.

I.E.S. CABO ORTEGAL